



Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratación e Obras Públicas - LMTG	
Número expediente:	Documento:
CON/55/2020	CON151261
4K3O2D4Z3I735Y710HQA	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo Xefe de sección de contratación con data 14 de setembro de 2021 en relación co expediente para a contratar a obra denominada **“Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”** comprendida no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+Adicional 2/2021”, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), no que se establece que:

“Con data 28 de xaneiro de 2021, o Concello Pleno acordou, entre outros aspectos, aprobar o proxecto das obras de “Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”, elaborado por D. Francisco Rodríguez Castañeda (Colgado COAG nº 2014), Arquitecto da empresa Proyfe S. L., sendo aprobado o proxecto corrixido mediante Resolución de Alcaldía de data 28 de abril de 2021.

Este proxecto define con precisión o obxecto do contrato, que se pretende adjudicar mediante procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 122.721,68 € (IVE incluído).

Constan no expediente a memoria xustificativa, o acordo de incoación, o informe de procedemento, informe de existencia de crédito e sobre o órgano de contratación, a xustificación dos criterios de adjudicación, o prego de cláusulas administrativas e o informe da Secretaría Xeral sobre o procedemento seguido.

LEXISLACIÓN APLICABLE

— *Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

— *O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*



— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede, e de conformidade co informe da Secretaría Xeral, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Alcaldía de conformidade co disposto na D. A. 2ª LCSP.”

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado de conformidade a aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos con data 27 de setembro de 2021 (IGA15114X) esta Alcaldía no exercicio das competencias atribuídas pola Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ven **RESOLVER:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “Accesibilidade no edificio do Xulgado de Narón (Antigo Concello)”, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 122.721,68 € (IVE incluído), como presuposto base de licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 9330.63200 e código de proxecto: 2021.2.00000.67).

TERCEIRO: Aprobar os Anexos incluídos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que reixerá o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*